

# A moita conciencia!

Fernando García Lorenzo

Así dicía a miña avoa Lola cando se lle preguntaba... Era coma o seu pai, que vido de aprender en Xibraltar, construiu o estaleiro na Banda do Río. Así foi como puxo as primeiras pedras e as primeiras madeiras do que hoxe se coñece como o estaleiro de Purro. E tanta, ou máis conciencia, debeu aplicar Purro na súa ampliación, subindo a súa altura e agrandando a súa superficie para darlle cabida á construción de maiores naves e para que a día de hoxe siga en pé.

É segue en pé apesar dos feroces temporais que por el pasaron, e das pesadas pedras lanzadas sobre o seu tellado, e dos puntais arrincados da súa estrutura polos que o soñaban derrubado, e da gran falta de sensibilidade das administracións... É hoxe habería dúas palmeiras ou unha nova edificación salomónica sen sentido no seu lugar de non ser pola loita que emprenderon catro Galos tolos xa hai uns cantos anos na súa defensa, e á que moitos nos sumamos máis recentemente.

Porque, por moitas bandeiras que se sumen hoxe á súa restauración, por moitas medallas que moitos se queiran colgar, e por moitas placas que lle poñan cando o restauren: ese día nunca chegaría de non ser polos Galos!

Logo de pasar xa dous anos dende a súa "protección" por parte da Dirección Xeral de Patrimonio, e de obter o recente apoio tamén dende Costas, lánzase por parte do Concello de Bueu un concurso de ideas para a súa restauración que, agardemos, esté feita tamén a moita conciencia!

Pasan lentos estes días ansiando velo como merece estar, e depositando a confianza nas tres administracións implicadas pra que cumpran cun deber que se lles presupón, mais eu, o que de verdade agardo é que, ademais de como un anaco da nosa memoria, perdure o estaleiro como elemento de orgullo de tódos os veciños da vila, poñendo así fin a pasadas disputas sen sentido sobre o seu futuro.

Bueu, Maio de 2013

coordinadora pola  
defensa do estaleiro

